

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE XUÑO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de xuño de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 17 de xuño de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS

Dáse conta aos/ás membros deste órgano que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 4 de xuño

do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous (2) postos de traballo de socorristas, para os que foi concedida subvención ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 23, do 04/02/26).

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a solicitar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados (RS núm. 433, do 09/06/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatos/as:

Socorrista (oferta núm. [REDACTED])

- Areán Cambeiro, Carla
- Cambeiro Cardelle, Alejandro
- Diéguez Codesal, Hugo
- Lois López, Uxía

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante o prazo concedido, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Diéguez Codesal, Hugo (RE-E núm. 426 e 432, do 12/06/26 e 16/06/26)
- Areán Cambeiro, Carla (RE núm. 883, do 12/06/26)

A continuación, a Xunta de Goberno Local procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procédese deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATO/A	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	SITUACIÓN FAMILIAR	SITUACIÓN DESEMPREGO	FORMACIÓN ACADÉMICA	TOTAL
Hugo Diéguez Codesal	1	0	0	2	3
Carla Areán Cambeiro	1	0	0	0	1

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal a tempo completo, modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, por un período de dous (2) meses e quince (15) días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Socorrista (37,5 horas/semana)

NOME E APELIDOS	DNI
HUGO DIÉGUEZ CODESAL	████████
CARLA AREÁN CAMBEIRO	████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PISCINA MUNICIPAL DE RODEIRO

A Concellería-Delegada de Xuventude e Deportes do Concello vai programar unha serie de actividades de deporte, ocio e tempo libre, a desenvolver nos meses de verán, coa denominación de “*verán deportivo*”. Dentro delas vanse ofertar cursos de natación para nenos e adultos, así como unha actividade de aquagym para adultos, ambas a desenvolver na piscina municipal de Rodeiro.

As principais características das actividades a programar serán as seguintes:

- ✓ As actividades desenvolveranse durante os meses de xullo de agosto.
- ✓ Os cursos de natación terán a seguinte calendarización:
 - Iniciación (de 5 a 10 anos): martes e xoves de 12 a 13 horas.

- Iniciación (maiores de 11 anos): martes e xoves de 13 a 14 horas.
- Perfeccionamento (de 5 a 10 anos): mércores e venres de 12 a 13 horas.
- Perfeccionamento (maiores de 11 anos): mércores e venres de 13 a 14 horas.
- ✓ A actividade de ximnasia para adultos (aquaym) será os domingos de 12 a 13 horas.
- ✓ Establécese un número máximo de 10 inscritos/as por cada quenda de actividade, agás en aquaym que será de 15.
- ✓ O prazo de inscrición estará aberto ata completar as prazas.
- ✓ O prezo da actividade será de 20 €/mes e establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DO CAMIÑO DENDE O POLÍGONO INDUSTRIAL A ÁLCEME”, INCLUÍDO NO PLAN MÁIS PROVINCIA, ANUALIDADES DE 2024 E DE 2026

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo aos Plans Máis Provincia, anualidades de 2024 (expediente núm. [REDACTED]) e de 2026 (expediente núm. [REDACTED]).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “*MELLORA DO CAMIÑO DENDE O POLÍGONO INDUSTRIAL A ÁLCEME*” á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS

TABOADA RAMOS S.L.U., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de CORENTA MIL TRESCENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (40.318,98 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra e coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución á facultativa redactora do proxecto.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- NATURGY CLIENTES EMPRESAS S.A.U. 610,58 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 870,81 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7MF0014801, TA7MF0014796, TA7MF0014802 e TA7MF0014803 (FACe).
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 59,21 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de maio de 2026, s/factura núm. 26ZNX0132347 (FACe).
- RODOIL S.L. 824,70 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de maio de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000195, 2026/26/000197, 2026/26/000198, 2026/26/000199, 2026/26/000200 e 2026/26/000201 (FACe).

- BAYGAR S.L. 865,61 €
Por traballos de reparación e mantemento da máquina varredora,
s/factura núm. 1493/261300277 (FACe).
- RODOIL S.L. 98,09 €
Por subministro de combustible á máquina varredora no mes de maio de
2026, s/factura núm. 2026/26/000196 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.437,10 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de maio de 2026,
s/factura núm. 2026/1653 (FACe).
- TRASDEZA NATUR S. COOP. GALEGA 94,85 €
Por adquisición de produtos ecolóxicos deshidratados para premios do
público do “II Concurso de Camburger”, s/factura núm. 044/2026.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)